

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 23 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, pola que se dá publicidade á adhesión de diversas entidades locais ao convenio marco asinado entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.*

Con data do 17 de abril de 2007 asinouse un convenio marco de colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia que ten como obxectivo o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer, no ámbito territorial de Galicia, unha rede de espazos comúns de atención ao cidadán que permitan a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitacións sobre determinados aspectos da actividade administrativa, coordinando para tal fin o exercicio das competencias das administracións intervenientes, entendendo por tales, as asinantes do convenio e as que se adhiran nun futuro.

Entre as medidas tendentes a lograr o mencionado modelo de funcionamento administrativo destaca a de implantar, nas entidades locais que se adhiran, oficinas integradas de atención ao cidadán que se clasificarán, segundo o establecido na cláusula segunda do convenio, en función das súas capacidades e o nivel de servizos que presten.

O convenio marco establece, na súa cláusula décimo segunda, que as entidades locais interesadas en adherirse poderán solicitalo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia sempre que, xunto coas súas solicitudes, cumprisen cos requisitos que a dita cláusula determina, circunstancia que foi comunicada no seu momento ás entidades locais de Galicia.

Solicitada a adhesión polas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se relacionan no anexo e aceptadas pola Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio segundo o previsto nas cláusulas sétima e décimo segunda, procede agora a publicación desta adhesión no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co acordado entre a Administración xeral do Estado e a comunidade autónoma, en reunión da Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio, a inserción no *Diario Oficial de Galicia* a que se fai referencia, por razóns de eficacia e para evitar un trámite máis ás entidades locais, realízase a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En consecuencia,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar, como anexo a esta resolución, a relación de entidades locais que se adhiren ao convenio marco asinado entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.

A partir da data desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, os cidadáns poderán presentar documentos dirixidos á Administración xeral do Estado ou á Comunidade Autónoma de Galicia nos rexistros destas entidades locais.

Segundo.-Comunicar a aceptación destas adhesións e o acordado na reunión da Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio ás entidades locais afectadas.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009.

Juan José Gómez Romero  
Director xeral de Calidade e Avaliación  
das Políticas Públicas

#### ANEXO

Denominación	Provincia	Tipo entidade	Nivel servizos
Caldas de Reis	Pontevedra	Concello	Oficina de contacto
Camariñas	A Coruña	Concello	Oficina de contacto
Cambre	A Coruña	Concello	Oficina de contacto
Cualedro	Ourense	Concello	Oficina de contacto
Melón	Ourense	Concello	Oficina de contacto
Miño	A Coruña	Concello	Oficina de contacto
Monterrei	Ourense	Concello	Oficina de contacto
Santa Comba	A Coruña	Concello	Oficina de contacto
Vedra	A Coruña	Concello	Oficina de contacto

*Resolución do 8 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regula o réxime e o procedemento da concesión de vacacións, permisos e licenzas do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.*

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, a Comunidade Autónoma de Galicia asume novas competencias sobre a xestión de medios persoais e materiais da Administración de xustiza, derivadas da aprobación dun novo estatuto do persoal que presta os seus servizos nela.

Entre os dereitos recoñecidos aos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza están os permisos e licenzas, que veñen regulados no capítulo III do título IV, denominado Dereitos, deberes e incompatibilidades, do libro VI da Lei orgánica do poder xudicial, que establece o marco xurídico básico regulador dos corpos dos funcionarios ao servizo da